

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día vinte e oito de febreiro de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede das actas dos plenos do día vinte e oito de febreiro de 2013. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2. Propoñer novo compoñente da mesa de contratación cando o órgano de contratación sexa o Pleno. Despois da lectura da proposta da alcaldía que se copia deseguido : Despois da toma de posesión do concelleiro Jairo Orjales Sande no Pleno ordinario do día 28.02.2013 procede modificar a composición da mesa de contratación permanente do Concello de Cerdido a polo que segundo establece o artigo 21 do Real Decreto 817/2009 do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, esta Alcaldía propón o pleno como órgano de **contratación. Primeiro:** Nomear a Jairo Orjales Sande como vocal da mesa de contratación permanente do concello cando o órgano de contratación sexa o Pleno en substitución de Roberto López López. **Segundo:** Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia dado o carácter permanente da mesa de contratación. Cerdido, 9 de abril de 2013. A Alcaldesa, **Ana Rodríguez Montero. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

3.- Modificación puntual do Plan Xeral de ordenación municipal para a ampliación do cemiterio de A Barqueira. Despois da lectura da proposta da alcaldía que se copia deseguido. Lidos os informes técnicos e xurídicos que están no expediente, e tras a solicitude de veciños para poder ampliar o cemiterio de A Barqueira, motivado por razóns de interese público xa que existe unha ampla demanda para a súa adquisición, e elaborado o documento técnico que posibilita esta modificación, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte acordo : **PRIMEIRO.** - Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1/2013 do PXOM de Cerdido. O obxecto da modificación que se propón é a ampliación do cemiterio de A Barqueira. **SEGUNDO.** - Someterase á información pública por un prazo mínimo dun mes e máximo de dous meses, mediante un anuncio no taboleiro de editos do Concello, no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos xornais de maior difusión na provincia.. Ao mesmo tempo e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofe. - Requirir informes sectoriais aos seguintes Organismos: Estradas de Galicia. **CUARTO.** Suspende o procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente: ámbito da proposta para redelimitación do equipamento CEL-1, cunha superficie de 2,136m², que aparece reflectida nos planos 2C.1, C-6.1 e C-Z.1 da Modificación Puntual, e que se localiza no sector do solo urbanizable S-03, lugar de O Porto, parroquia de A Barqueira. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobaron a proposta**


anterior. Seis votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Jairo Orjales Sande e o voto da alcaldesa e tres abstencións dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro.

A Alcaldesa explica que deste tema xa se falou noutro pleno e se dixo que se estaba tramitando a documentación técnica polo que agora se presenta para a súa aprobación.

O Concelleiro Benigno Galego Castro pregunta a cantidade de veciños que solicitaron a ampliación do cemiterio e se pertencen á asociación ou non e anuncia que non vai pechar as portas a ampliación de cemiterio e que se os veciños queren alegar algo o poden facer no tempo que establece a moción

O concelleiro José Esmoris Aldao contesta que son sobre 12 familias as que pediron a ampliación do cemiterio para poder comprar novos panteóns.

4. Moción do grupo municipal do PSdeG PSOE instando ao rexeitamento do repagamento dos comedores escolares. Despois da lectura da proposta da alcaldía que se copia deseguido :O Grupo Municipal Socialista no Concello de Cerdido, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.A Xunta de Galicia veu de anunciar nas primeiras semanas do mes de Marzo un incremento nas taxas polo uso dos comedores escolares limitando o acceso aos mesmos a unha gran parte dos alumnos/as e encarecendo notablemente o uso dos mesmos, con criterios estritamente economicistas. O mantemento dos servizos públicos susténtanse nos principios de solidariedade e progresividade fiscal. A Xunta de Galicia rexeitou recentemente, na tramitación dos presupostos autonómicos do 2013, unha propostas do PSdeG-PSOE referida ao incremento do tipo máximo no tramo autonómico do IRPF para as rendas máis altas na procura de mellorar a progresividade fiscal en Galicia co único argumento de que a efectividade recadadora da medida proposta polo PSdeG-PSOE sería "irrelevante".Na mesma tramitación dos presupostos, o PSdeG-PSOE tamén propuxo a creación dun imposto á banca sobre os depósitos, proposta esta que o PP rexeitou co seu voto en contra no Parlamento de Galicia. Feijoo negouse a apoiar todas estas iniciativas propostas polo PSdeG renunciando así a medidas que afondaban na progresividade fiscal e na idea de que paguen "máis o que máis ten".Agora o PP por voz do seu Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que "pague máis o que máis ten" para estender e endurecer un repago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos terían que pagar 198€ polo uso do comedor no vindeiro mes de Abril do ano 2014.En lugar de incrementar o IRPF para as rendas máis altas ou crear un novo imposto á banca, a Xunta de Galicia prefere subir as taxas polo uso dos comedores escolares ao tempo que despide a miles de profesores e se gasta máis de 3 millóns de euros ao ano na subvención de colexios vinculados á igrexa e declarados ilegais por segregar ao seu alumnado por razón de sexo ou manter intactos os 28 millóns de € que se destinan ao ensino da relixión nos colexios. O repago nos comedores escolares é un paso máis na desigualdade no acceso aos servizos públicos ao que seguirán outras medidas, coa mesma lóxica argumental, como o do repago no transporte escolar. Ademais é unha medida especialmente regresiva en Galicia en un Concello eminentemente rural



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

como Cerdido. Se mantemos que o principal reto de futuro que ten a nota sociedade 60 reto demográfico, non podemos deixar pasar medidas que encarezan o custe de mantemento e educación dos fillos. Os nenos son o futuro de todos e debemos socializar os seus custes. Os ingresos non deben vir de taxas senón de impostos, i do contrario poremos aínda mais trabas a aqueles que están en idade de ter fillos para tomar a decisión de telos. Son as políticas que garanten a gratuidade dos servizos públicos destinados aos fillos, que os considera como un gasto social e non familiar, as que poden contribuír a afrontar o reto demográfico. Polo exposto, e ante o novo ataque do Partido Popular aos cidadáns galegos, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cerdido presenta para o seu debate e posterior aprobación, a conseguinte moción • O Concello de Cerdido manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso por ser un novo machadazo ás clases traballadoras. Cerdido a 22 de marzo de 2013

Asdo. Cándido Prieto Lago. Concelleiro do PSdeG-PSOE no Concello de Cerdido. A presente moción foille engadida como unha emenda os puntos da moción que presentou o voceiro do BNG o día 19.04.2013 e que se copian a continuación: Instar a Xunta de Galicia a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares. Demandar da Xunta de Galicia velar polo dereito á educación garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite. 3 Instar a Xunta de Galicia a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e primaria. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría rexeitaron esa moción coas emendas presentadas.** Cinco votos en contra da moción dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e catro votos a favor da moción dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande

O **concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago** explica que é necesario lembrar o artigo 27 da Constitución Española onde se establece o dereito dunha educación pública e gratuíta. O PP obriga as familias cuxos nenos usan o transporte escolar a pagar o servizo de comedor xa que están obrigados a comer na escola, din que paga o que mais ten pero logo no parlamento de Galicia votan en contra na tramitación dos presuposto de Galicia de que se suban os impostos as rendas mais altas,, poderíanse destinar a comedores os cartos que se destinas a pagar os colexios concertados que segregan por sexo. Engade que se opoñen a esta medida porque rompe o principio de igualdade de oportunidades, sendo un ataque as clases medias


A **alcaldesa** explica que as rendas mais baixas non van a pagar o comedor e que pagaran unicamente as rendas que superen o 1166 euros netos

O **concelleiro Benigno Galego Castro** explica que a renda que se ten en conta é a do ano 2011 e as rendas das familias neste ano variaron moito e entende que ao concello de Cerdido perxudica moito, xa que é un concello rural no que o transporte escolar é esencial e non entende como se pode defender esta medidas.

O **concelleiro Jairo Orjales Sande** explica que antes o sistema era claro, os que usaban o trasporte no pagaban e os que non o usaban pagaban o comedor, agora hai que pagalo en ámbolos dous casos e entende que esta medida sumase a outras como pode ser a ausencia de profesores e entende que debe haber cousas sagradas como é a educación onde non se debe recortar.

5.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA. A secretaria lee a relación de decretos que se copia deseguido :

| Nº | Data | Descrición |
|----------------------|------------|--|
| Febreiro 2013 | | |
| 44 | 21/02/2013 | Aprobación da liquidación do exercicio económico 2012 |
| 45 | 21/02/2013 | Altas no padrón municipal de habitantes no lugar de Viladóniga, 10 |
| 46 | 26/02/2013 | Declarar desistida unha licenza de obras para construción de vivendas en Vila da Igrexa |
| 47 | 26/02/2013 | Acordo de solicitude dunha subvención da Deputación para gastos de persoal de socorrismo da piscina durante o verán 2013 |
| 48 | 28/02/2013 | Autorización para usar o pavillón polideportivo para festa de aniversario infantil o 9 de marzo |
| 49 | 28/02/2013 | Aprobación de facturas do nº 22 ao nº 65 |
| Marzo 2013 | | |
| 50 | 01/03/2013 | Incoación de expediente de investigación de titularidade dun camiño nos Casás |
| 51 | 05/03/2013 | Alta no padrón municipal de habitantes en Cuqueira, 1 |
| 52 | 08/03/2013 | Aceptación da renuncia da licenza de apertura de café bar en Felgosas |
| 53 | 11/03/2013 | Autorización á Comisión de festas da Barqueira para usar varios locais de Avispeira os días 23 e 24 de marzo |
| 54 | 11/03/2013 | Nomeamento de Jairo Orjales Sande como membro da mesa de contratación |
| 55 | 14/03/2013 | Acordo de devolución a José No Mantiñan da garantía pola obra Carreiro da Bola-Arriba da Arriba |
| 56 | 15/03/2013 | Convocatoria do concurso de contos de Cerdido |
| 57 | 15/03/2013 | Autorización a particular para usar O Castro o día 24 de marzo de 2013 |
| 58 | 18/03/2013 | Autorización á empresa Intermax Technology para realizar unha charla na Casa da Cultura sobre os usos de internet |
| 59 | 19/03/2013 | Licenza de obras nº 2013/U009/000004 para reformas interiores e cuberta do garaxe en Porto, 49 |
| 60 | 19/03/2013 | Licenza de obras nº 2013/U008/000001 para colocación de casetas prefabricadas en Viladóniga, 3 |
| 61 | 19/03/2013 | Licenza de obras nº 2013/U008/000002 para colocación dun pórtico en Viladóniga, 3 |
| 62 | 19/03/2013 | Inicio do expediente de contratación de obras do camiño cruce do río a penadovico (POS) |
| 63 | 19/03/2013 | Inicio do expediente de contratación de obras do camiño a Seoane e outros (POS) |
| 64 | 28/01/2013 | Autorización a Comisión de festas dos Casás para pechar unha vía municipal e usar a megafonía municipal o 23 de marzo en Campo da Igrexa |
| 65 | 20/03/2013 | Licenza de obras nº 2012/U009/000021 para colocación de malla verde en Regueirolongo |
| 66 | 20/03/2013 | Licenza de obras nº 2012/U009/000017 para recebado de beirados e paredes en Casanova, 1 |
| 67 | 20/03/2013 | Licenza de obra nº 2013/U009/000003 para cambio de cuberta en adega en Rego da Madeira, 7 |
| 68 | 21/03/2013 | Autorización a Comisión de Festas da Barqueira para usar a megafonía, as mesas e os bancos o día 7 de abril |
| 69 | 22/03/2013 | Acordo da devolución da Garantía a José Manuel Piñeiro López SL da obra Camiño en Rebordaos e outros |
| 70 | 25/03/2013 | Autorización a funcionarios de permisos por asuntos persoais (Paula e Diego o 27/03/2013) |
| 71 | 25/03/2013 | Acordo de solicitude á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal |
| 72 | 31/01/2013 | Aprobación de facturas do nº 66 ao nº 102 |
| 01/04/13 | | |



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

| | | |
|----|------------|--|
| 73 | 04/04/2013 | Autorización a Comisión de festas da Barqueira para xuntanza popular ó aire libre o 07/04/2013 |
| 74 | 04/04/2013 | Autorización a Comisión de festas da Barqueira para pechar unha vía municipal ó tráfico rodado o 07/04/2013 |
| 75 | 04/04/2013 | Clasificación das ofertas en relación a obra Edificación para nave en Os Casás |
| 76 | 05/04/2013 | Aprobación de expediente, proxecto técnico, declaración de procedemento negociado e aprobación do gasto da obra cruce do río a camiño a Penadovico e outros |
| 77 | 05/04/2013 | Aprobación de expediente, proxecto técnico, declaración de procedemento negociado e aprobación do gasto da obra cruce do río a camiño a Seoane (A Barqueira) e outros |
| 78 | 05/04/2013 | Aprobación do padrón de contribuíntes do SAF |
| 79 | 09/04/2013 | Convocatoria de pleno extraordinario pedido por grupo PSdeG-PSOE |
| 80 | 09/04/2013 | Autorización a particular para usar un local do Castro o día 13 de abril de 2013 |
| 81 | 10/04/2013 | Autorización a particular para usar un local do Castro o día 27 de abril de 2013 |
| 82 | 11/04/13 | Acordo de aprobación do presuposto de Construcciones Casaldaya para obra de oficina no campo de fútbol |
| 83 | 12/04/2013 | Adxudicación do contrato de obra da edificación para nave en Os Casas a empresa Guerreiro Somozas SL |
| 84 | 15/04/2013 | Convocatoria da comision especial de contas |
| 85 | 15/04/2013 | Ampliación do contrato laboral a traballadora Sonia Pérez Teijeiro por unha emerxencia social 86 |
| 86 | 16/04/2013 | Ampliación do prazo do expediente nº 2010/008/000006 de licenza de obra para Adecuación da topografía dunha parcela de 550 m2 no lugar de Barbas – A Barqueira, a instancia de JOSE LANDROVE PEREZ |
| 87 | 18/04/2013 | Convocatoria do pleno ordinario de abril |

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita explicación do seguinte decreto :

Núm. 82, a canto ascendeu o contrato e se houbo invitación a outras empresas. A alcaldesa explica que cree que ó contrato é o tipo de licitación e que se invitaron a Guerreiro Somozas sl e a obras Consolba sl

O concelleiro Cándido Prieto Lago solicita explicación do seguinte decreto

Núm. 71. En servizos sociais non se solicita tamén a Deputación ? E se vai a subir a taxa polo servizo de axuda no fogar A Alcaldesa afirma que se solicita unha subvención para servizos sociais a Xunta e a Deputación e que a taxa de axuda no fogar ronda o 8% e non sabe se vai a subir a taxa este ano ou non, a xunta o aconsella pero que aínda non o sabe.

6 Dar conta da composición do grupo municipal do BNG. O Concelleiro Jairo Orjales Sande, comunicou o concello odia 28.02.2013 a súa intención de constituíse como grupo político municipal do BNG. **Os membros do Pleno déronse por enterados**

7 Dar conta do informe sobre o cumprimento do prazo previsto de pago das obrigacións o abeiro da lei 15/2010 primeiro trimestre do ano 2013. A Secretaria leu o informe seguinte : **INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS LEGALMENTE**

PARA O PAGAMENTO DE OBRIGAS.I.- NORMATIVA APLICABLE.-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais.-Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.(TRLCSP) **.II.- CONSIDERACIÓNS**


En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas, ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta o establecer que : O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013....)Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos **corenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS : Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/01/2013 e 31/03/2013 (prime trimestres 2013) se obtén a seguinte información:

1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre

| Pagos realizados no trimestre | Período pago (días) | Período medio pago (PMP) (días) | Período medio pago excedido (PMPE) (días) | Pagos Realizados no Trimestre | | | |
|---|---------------------|---------------------------------|---|---------------------------------|---------------|-------------------------------|---------------|
| | | | | Dentro do período legal do pago | | Fora do período legal do pago | |
| | | | | Número de pagos | Importe total | Número de pagos | Importe total |
| Gastos en Bens Correntes e Servizos | 12,52 | 0 | 0 | 119 | 107.630,61 | 0 | 0,00 |
| Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos | 12,52 | 0 | 0 | 119 | 107630,61 | 0 | 0,00 |
| 20- Arrendamentos e Canons | 22 | 0 | 0 | 1 | 108,9 | 0 | 0,00 |
| 21- Reparación, Mantemento e conservación | 14,6 | 0 | 0 | 27 | 20014,44 | 0 | 0,00 |
| 22- Material, Subministro e Outros | 12,0396 | 0 | 0 | 91 | 87507,27 | 0 | 0,00 |
| 23- Indemnización por razón do servizo | 0,00 | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 24- Gasto de Publicacións | 0,00 | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro | 0,00 | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas | 0,00 | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 2 - Sen desagregar | 0,00 | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Pendientes de aplicar a presuposto | 0,00 | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Inversións reais | 41,9954 | 35,1523 | 0 | 3 | 32636,72 | 2 | 18005,58 |



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

| | | | | | | |
|--|----------------|----------------|------------|-------------------|----------|------------------|
| Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6) | 41,9954 | 35,1523 | 3 | 32636,72 | 2 | 18005,58 |
| Pendientes de aplicar a presupuesto | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0,00 |
| Outros Pagos realizados por operacións comerciais | | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Aplicados a presupuesto | | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Pendientes de aplicar a presupuesto | | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Sin desagregar | | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Aplicados a presupuesto | | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Pendientes de aplicar a presupuesto | | 0 | 0 | 0,00 | 0 | vv |
| Total | 21,9554 | 35,1523 | 122 | 140.267,33 | 2 | 18.005,58 |

2 Intereses de demora pagados no período: Ningún. Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumplir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha.**

3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).

| Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre | Período medio pendente de pago (PMPP) (días) | Período medio pago excedido (PMPE) (días) | Pagos Realizados ao final do Trimestre | | | |
|--|--|---|--|----------------|-------------------------------|---------------|
| | | | Dentro do período legal do pago | | Fora do período legal do pago | |
| | | | Número de pagos | Importe total | Número de pagos | Importe total |
| Gastos en Bens Correntes e Servizos | 4,0299 | 0 | 2 | 1723,46 | 0 | 0,00 |
| 20- Arrendamentos e Canons | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0,00 |
| 21- Reparación, Mantemento e conservación | 4,0299 | 0 | 2 | 1723,46 | 0 | 0,00 |
| 22- Material, Subministro e Outros | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0,00 |
| 23- Indemnización por razón do servizo | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 24- Gasto de Publicacións | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 2 - Sen desagregar | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Pendientes de aplicar a presupuesto | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Inversións reais | 0,00 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Outros Pagos realizados por operacións comerciais | 0 | 0 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Total | 4,0299 | 0 | 2 | 1723,46 | 0 | 0,00 |

4)Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4


Lei 15/2010): Ningunhas.- **CONCLUSIÓNÉ** canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010Cerdido, a dez de abril de dous mil trece. O tesoureiro A secretaria -interventora Daniel Rodríguez Fraguela Paula Díaz Tie 8 Dar conta da liquidación do presuposto do ano 2012.**Os membros do Pleno déronse por enterados**

8 Dar conta da liquidación do presuposto 2012. A Secretaria leu o decreto da alcaldía seguinte.:Tramitado o expediente da liquidación do presuposto municipal de 2012, e tendo en conta os informes redactados pola secretaria-interventora e en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, esta Alcaldía **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aproba-la **liquidación do exercicio económico de 2012**, de acordo co seguinte detalle de resultados:

| | |
|---|--------------------|
| 1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio: | 124,802,36 |
| a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente | 121.164,08€ |
| b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado | 2614,78 € |
| c.- de operacións non presupostarias | 5587,37 € |
| Cobros realizados pendentes de aplicación(-) | 4563,87 € |
| 2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio | 102,784,60€ |
| a.-De presuposto corrente | 80687,16 € |
| b.- De presuposto pechado | 0,00 € |
| c.-Outras operacións non presupostarias | 22,097,44 € |
| d.- pagos pendentes de aplicación | 0,00 € |
| 3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio | 55.594,89 |
| 4. Remanente de tesourería total (3+1- 2) | 77,612,65 € |
| 5.- Saldo de dubidoso cobro | 784,43 € |
| 6.- Exceso de financiamento afectada | 0,00 € |
| Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6) | 76828,22 € |
| 1.-Dereitos Recoñecidos Netos | 1,038.921,35 |
| 2. Obrigacións Recoñecidas Netas | 981.772,10 |
| 3. Resultado Presupostario (1 - 2) | 57.149,25 € |
| 4. Desviacións positivas de financiamento | 1586,25 € |
| 5. Desviacións negativas de financiamento | 1706,10 € |
| 6. Gastos financiados con remanente líquido tesourería para gastos xerais | 11.473,39 € |
| 7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)= | 68.742,49 € |

SEGUNDO : En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2012, cumpriu o obxectivo de estabilidade presupostaria segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros : Segundo se aprecia no quadro seguinte, a diferenza entre os importes liquidados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, sen realizar ningún axuste, é de + 58.149,25 €



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

| Liquidación de ingresos Dereitos recoñecidos netos | | Liquidación de gastos Obrigacións recoñecidas netas | |
|---|----------------------|--|---------------------|
| Capitulo 1 | 169.443,59 € | Capitulo 1 | 381.637,59 |
| Capitulo 2 | 4.163,69 € | Capitulo 2 | 342.908,28 |
| Capitulo 3 | 91.756,99 € | Capitulo 3 | 61,19 |
| Capitulo 4 | 555.577,32 € | Capitulo 4 | 10.805,39 |
| Capitulo 5 | 15.356,25 € | Capitulo 5 | 0,00 |
| Capitulo 6 | 0,00 € | Capitulo 6 | 245.359,65 |
| Capitulo 7 | 202.623,51 € | Capitulo 7 | 0,00 |
| TOTAL | 1.038.921,35€ | TOTAL | 980.772,10 € |

A variación dos pasivos financeiros foi nula, o concello carece de préstamos pendentes de amortizar e non se endebedou. O saldo non financeiro unha vez aplicado os axustes establecidos no manual do IGAE e recollidos no informe da secretaria -interventora arroxa o seguinte resultado positivo

| | |
|---|-----------------------|
| Dereitos recoñecidos netos (SEC 95) cos axustes | 1.054.777,80 € |
| Obrigación recoñecidas netas | 980.772,10 € |
| Diferencia | +74.005,70 € |

SEGUNDO: Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda. Dado en Cerdido, a vinte e un de febreiro de dous mil trece. **Os membros do Pleno déronse por enterados**

9.- Moción de urxencia Non se presentaron

10.- Rogos e Preguntas.

O concelleiro Benigno Galego Castro formula os seguintes rogos e preguntas :

O prego do contrato de mantemento do alumado público esta xa feito ? A alcaldesa explica que se esta traballando nel e que hai que precisar con claridade que cousas entran no contrato e que cousas non.

Cando se lle vai a remitir a documentación que solicitou o día 18.12.12 ? A alcaldesa explica que esta documentación non a ten, o do parque non esta feito e non ha aínda un convenio co concello de Moeche, existe nada mais que unha solicitude de colaboración, en canto os modificados das obras non ten esta documentación.

No anterior pleno se solicitou unha factura do campo de fútbol en relación a area? A alcaldesa afirma que xa mirou todas as facturas e se faltaba algunha e que estaba tramitándose e que xa o solicitará esta os servizos do concello.

Como vai o amaño da piscina? A alcaldesa explica que se solicitou o presuposto a tres empresas, esta semana se contratou a unha empresa de Pontedeume.

Como esta o asunto do accidente da piscina, vai o concello a indemnizar a nena ? No caso de que non pague o seguro pagará o concello ? Non se pode contratar outro tipo de seguro ? A alcaldesa explica que o expediente vaise remitir a interesada e que o seguro manifestou que non se fai cargo disto porque non hai responsabilidade do concello xa que as instalación están ben e o socorrista actúo adecuadamente. Aínda non se decidiu se o concello vai a pagar ou non e en canto o seguro estase mirando a contratación doutro tipo de seguro que cubra estes riscos.

Amañouse a pista que vai a Villadoniga, vaise facer un muro ? O concelleiro de obra Juan José Ramos Prieto constestalle que xa se retirou a terra e que non se pensa facer un muro de contén

En relación o incendio dunha casa de Escote, porque non se quixo chamar os bombeiros ? Como se deixa vivir nunha casa así a un veciño ? A alcaldesa explica que a chamaron pola mañá e que foi a motobomba municipal a apagalo e que se salvaron os animais, sobre as catro da tarde quedou apagado pero a patrulla da garda civil da noite avisou que os restos da casa botaban fume e se chamou o Grumir das Pontes . En canto a casa estaba en malas condicións e era toda de madeira por iso tardou en apagarse por completo e o veciño non vivía nela, xa que dormía co sobriño. O incendio quedou apagado e no se quixo chamar os bombeiros de Ferrol porque pasan a factura o veciño e este ten poucos recursos. O concello non pode privar a ninguén de vivir na súa casa, soamente se un xuíz declara que este veciño non esta capacitado

O concelleiro Cándido Prieto Lago fai os seguintes rogos e preguntas :

O espello da Barcia esta en moi malas condicións ? A alcaldesa explica que hai que repoñelo.

As taxas da auga van a subir ? O concelleiro manifesta a súa indignación por este tema e pregunta se terán que pagar os veciños con traídas. A alcaldesa pide a secretaria que explique o do canon da auga e esta contesta que este ano vaise liquidar xunto a taxa municipal o canon da auga que é un tributo autonómico, que deberan pagar tamén as comunidades de usuarios legalizadas.

O concelleiro Jairo Orjales Sande fai os seguintes rogos e preguntas :

Recentemente aprobouse un novo **plan de emerxencia** que nos vincula a Ortigueira ? A alcaldesa aplica que ata este ano dependiamos dos servizo de Vilaboa, Ortigueira e As Pontes.

Seria convinte ampliar os **puntos hidrantes** do concello, A alcaldesa explica que está previsto poñer un na parroquia de Os Casás.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do día vinte e nove de abril e 2013. Do que eu como Secretaria dou fe :

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie